

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 15 de decembro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“7.- PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS (PEID) PARA APERTURA DO SISTEMA XERAL VIARIO SXVII (B, C, D e E). APROBACIÓN INICIAL

EXPEDIENTE: 2025/U035/000001

ASUNTO: Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para apertura do sistema xeral viario SXVII (b, c, d, e). Aprobación inicial.

PROMOTOR: Concello de Carballo

REX. ENTRADA: 202599900008147 de data 10/12/2025

REDACTORES: Iria Pérez Miranda (arquitecta Colexiada nº 3194 COAG) e Ignacio Lázaro Quintela (arquitecto Colexiado nº 3877 COAG).

I. ANTECEDENTES

- Iria Pérez Miranda como adxudicataria do contrato menor de servizos para a «Redacción do plan especial de infraestruturas e dotacións para a apertura do sistema xeral viario SXVII (b,c,d,e)» (SER 62/2024), presenta o 08/05/2025, núm. de rexistro entrada 202599900002774, a documentación para a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada (AAEs).

- O 12/05/2025 o arquitecto xefe municipal emite informe da integridade documental do PEID para a solicitude de inicio de AAEs.

- O 13/05/2025, núm. de rexistro saída SIR 202590000000329, solicitouse á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade o inicio da AAEs do PEID para a apertura do sistema xeral viario SXVII (b,c,d,e), achegando o documento ambiental estratéxico (DAE) e o borrador do plan.

- A directora xeral de Calidade Ambiental emite o Informe ambiental estratéxico (IAE) mediante a resolución de data 04/08/2025 (expediente: 2025AAE3001), achegando con este os informes das consultas previas (Dirección Xeral de Urbanismo e Instituto de Estudos do Territorio). O IAE foi recibido neste Concello o 05/08/2025, núm. de rexistro de entrada 202590000004946.

O IAE foi publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 156 do 18/08/2025.

- O 29/09/2025, núm. de rexistro de saída 202500000007185, remitiuse á redactora do PEID o IAE, aos efectos de presentación do documento para aprobación inicial.

- Iria Pérez Miranda presentou o 17/11/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900007461, o documento para aprobación inicial mediante enlace de descarga.

- O 10/12/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900008147, a redactora presenta un novo documento do PEID para aprobación inicial, emendando unhas erratas contidas no documento presentado anteriormente e mediante enlace de descarga.

- Os servizos técnicos e xurídicos municipais emiten o seu informe o 11/12/2025 propoñendo a aprobación inicial e a tramitación correspondente do plan especial.

- A proposta do concelleiro de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade en canto a aprobación inicial do expediente é de data 11/12/2025.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000025

II. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTTPP).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).
- Lexislación sectorial: tendo en conta o obxecto do PEID e o contido do IAE haberá que ter en conta especialmente a lexislación sectorial de aplicación en materia de augas, estradas, minas, sector eléctrico e agropecuaria.


III. OBXECTO

O obxecto do PEID é ordenar unha dotación urbanística de carácter público consistente nunha vía de sistema xeral prevista no Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) denominada SXVI1. A súa función é a de servir como viario alternativo, no Oeste, para desconxestionar o tráfico e permitir un tratamento máis humanizado da estrada AC-552 ao seu paso pola vila de Carballo.

O sistema xeral SXVI1 enlaza a rotonda de acceso á autoestrada AG-55 con outra situada no cruce entre a estrada provincial DP 1902 e a rúa Perú, polo que estas dúas rotondas constitúen os límites Norte e Sur da nova vía.

O sistema xeral está dividido en cinco tramos denominados VIIa, VIIb, VIIc, VIId e VIIe. O PEID comprende os tramos b), c), d) e e). O ancho da vía prevista é de 20 metros cunha superficie total de 18.871 m².

Ámbito do PEID sobre ortofoto PNOA



IV. FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

IV.1. DESCRICIÓN E TIPO DE SOLO

- O sistema xeral SXVII previsto no PXOM está dividido en cinco tramos (VI1a, VI1b, VI1c, VI1d e VI1e). O primeiro (VI1a), xa foi executado e na actualidade está en servizo, polo que o plan especial desenvolve os outros catro treitos (b, c, d, e e).

- Segundo o PXOM de Carballo, o plan especial abrangue terreos clasificados como solo rústico (treito b), solo urbanizable (treitos c e d) e solo urbano consolidado (treito e). De acordo co establecido no artigo 177.1.c) do RLSG, os plans especiais de infraestruturas e dotacións poderán planificar a implantación de dotacións urbanísticas de carácter público ou privado en calquera clase do solo, previstas (coma neste caso) ou non no PXOM.

- A obtención dos terreos necesarios para executar a vía segue situacións urbanísticas diferentes e descríbense no apartado 2 da memoria informativa do PEID, que se resumen neste cadro:

TREITO	SITUACIÓN URB. PXOM	ESTADO DE OBTENCIÓN DOS TERREOS
VI1a	SX incluído no SUR-D SR-3	Tramo executado e en servizo
VI1b	SX en solo rústico	Proxecto de expropiación aprobado definitivamente o 25/08/2025
VI1c	SX incluído no sector SUR-D SR-11	Pendente de obtención
VI1d	SX incluído no sector SUR-D SR-5	Terreos de titularidade municipal obtidos por convenio urbanístico
VI1e	SX incluído no ámbito SUNC UU-R2	Terreos de titularidade municipal obtidos mediante a execución urbanística do SUNC-R5 do PXOM-2003 coincidente co UU-R2

IV.2. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA POLO PEID

- As razóns polas que se redacta este plan especial son:

- Coordinar adecuadamente a planificación e posterior execución das obras de vialidade do SXVII, definindo con precisión as actuacións a acometer polo concello de Carballo en relación a esta importante vía, que en ningún caso suporán a dotación de servizos urbanos dos terreos lindeiros.
- Modificar a ordenación do PXOM para unha mellor resolución dos problemas de mobilidade. Neste senso, prevese unha nova glorieta situada entre os treitos b e c que resolverá de xeito máis adecuado o enlace coa rúa Abetos, así como a prolongación das rúas Atenas e Médico Justo Martínez ata o entronque co SXVII, seguindo co mesmo ancho de 12 metros que teñen os tramos urbanos nestas rúas.
- A obriga que establece o artigo 37.2 da normativa do PXOM para o solo urbanizable delimitado de redactar un PEID para poder realizar obras e instalacións con carácter previo á ordenación detallada.

- As características máis destacadas para o desenvolvemento do SXVII, incluídas no apartado 3 da memoria xustificativa e nos planos de ordenación correspondentes do PEID, son as seguintes:


- Previsión das obras necesarias de vialidade consistentes na execución da calzada para o tráfico rodado e nunha senda mixta para peóns e ciclistas, de forma análoga ao treito existente.
- Non se prevé ningunha obra de urbanización nas parcelas lindeiras coa vía SXVII.
- O ancho previsto ten un total de 20 metros. Consiste nunha calzada de dobre sentido de circulación de 3,20 m de ancho con beiravías de 1,20 m a cada lado; senda mixta na marxe oeste de 3 m de ancho rematando con taludes e explanacións necesarias. Manteranse os actuais accesos ás parcelas lindeiras.
- Previsión dunha glorieta entre os tramos b e c para entroncar coa rúa Abetos.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000025

e) Prolongación das rúas Atenas e Médico Justo Martínez ata entroncar co novo sistema xeral viario, cos mesmos anchos previstos no PXOM para a zona urbana destas rúas.



Ordenación proposta no PEID

IV.3. CONDICIÓN S TÉCNICAS E XURÍDICAS DE APLICACIÓN

- Os servizos técnicos e xurídicos municipais no seu informe do 11/12/2025 analizan con detalle o documento do PEID, en canto ao cumprimento das condicións de uso, de construción da actuación e da lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

No mesmo informe, compróbase que este documento se axusta ás normas técnicas de planeamento (NNTTPP) e que está composto do seguinte:

01.MX		Memoria xustificativa
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_MX_01INF	Memoria informativa
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_MX_02XUS	Memoria xustificativa
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_MX_EP	Estudo de Paisaxe
02.PINF		Planos de información xeral
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_PINF_01SIT	Situación.
	15019_PEID_SXVI1_2025105_AI_PINF_02EMP	Emprazamento. Ámbito de actuación.
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_PINF_03CAT	Parcelario catastral.
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_PINF_04USOS	Usos do solo. Estado actual
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_PINF_05HIP	Mapa hipsométrico e mapa de pendentes.
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_PINF_06OPO_I061-TOPO	Topográfico.
	15019_PEID_SXVI1_202510_AI_PINF_06OPO_I062-	Estado actual. Perfís.

	PERFIS	
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PINF_07PLAN	Planeamento urbanístico.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PINF_08MOB	Accesibilidade e mobilidade.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PINF_09ALS	Afeccións da lexislación sectorial.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PINF_10PAI	Paisaxe.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PINF_11FOT	Reportaxe fotográfica.
03.POR D		Planos de ordenación urbanística
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PORD_01ORD	Proposta
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PORD_02STIP	Proposta. Sección Tipo
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PORD_03USOS	Uso global proposto no PEID.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PORD_04PLAN	Ordenación urbanística sobre o PXOM.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_PORD_05INT	Integración na malla urbana
04.NU		Normas urbanísticas.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_NU_NP	Normas urbanísticas. Xustificación innecesar.
05.CAT		Catálogo
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_CAT_NP	Catálogo. Xustificación innecesariedade
06.EE		Estudo económico e memoria de viabilidade económica
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_EE	Estudo económico.
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_MVE	Memoria de viabilidade económica.
07.AAE		Avaliación ambiental estratéxica
	15019_PEID_SXVII_202505_B_AAE_01DAE	Documento ambiental estratéxico.
	15019_PEID_SXVII_202510_B_AAE_01ALT1	Alternativa 1.
	15019_PEID_SXVII_202510_B_AAE_02ALT2	Alternativa 2. De consenso
	15019_PEID_SXVII_202510_AI_AAE_03IAE	Informe de avaliación estratéxica.

- A tramitación que procede nesta fase, conforme ao disposto nos artigos 74 e 75 da LSG e 185 e 186 do RLSG, é a aprobación inicial, a solicitude dos informes sectoriais que resulten preceptivos e o trámite de información pública do PEID.

IV.4. ÓRGANO COMPETENTE

Os plans especiais encádranse na LSG como instrumentos de planeamento de desenvolvemento dos plans xerais de ordenación municipal. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no artigo 21.1.j), como atribución do alcalde, a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000025

En consecuencia, a competencia para a aprobación inicial e provisional está atribuída legalmente ao alcalde e a aprobación definitiva, que pon fin á tramitación municipal, está expresamente atribuída ao Pleno do Concello.

En virtude da resolución da Alcaldía número 2944/2025 do 13 de outubro, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local (BOP 30/10/2025), a aprobación inicial do plan especial corresponde á Xunta de Goberno Local, por ter delegadas -entre outras- as atribucións referidas ás aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ao Pleno.

Visto o anteriormente exposto, constando o informe ao respecto dos servizos técnico-xurídico municipais do 11/12/2025, e a proposta do concelleiro de Planificación Urbana, Policía e Mobilidade, ao abeiro do disposto no art. 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e da resolución da Alcaldía 2956/2025 do 14 de outubro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o «Plan especial de infraestruturas e dotacións para a apertura do sistema xeral viario SXVI1, tramos b), c), d) e e)», segundo a documentación técnica presentada o 10/12/2025, núm. de rexistro de entrada 202599900008147, e asinada polos arquitectos Iria Pérez Miranda (colexiada nº 3194 COAG) e Ignacio Lázaro Quintela (colexiado nº 3877 COAG).

Segundo.- Someter o expediente a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación da provincia. Durante este prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados que figuran na relación do punto 4.2 da memoria informativa.

Terceiro.- Solicitar os informes sectoriais preceptivos seguintes:

- *Informe da Delegación do Goberno, conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, art. 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, artigo 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e artigo 68 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.*
- *Informe da Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales, segundo o disposto no art. 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.*
- *Informe de Augas de Galicia, en base ao disposto no artigo 39.1. da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.*
- *Informe da Deputación Provincial da Coruña, en materia de estradas acordo co art. 23.2. da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.*
- *Informe en materia de minas da Consellería de Economía e Industria en base ao disposto no art. 14 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.*
- *Informe da Consellería de Medio Rural, segundo o art. 36.4 da LSG en relación co art. 32.4. da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.*
- *Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en base ao establecido no artigo 34.2. da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*

Cuarto.- De acordo co artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contra este acto de trámite non procede interpoñer ningún recurso, sen prexuízo do que poidan alegar as persoas interesadas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento."

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000025

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.

O alcalde